

**DECRETO**

Tras ver a proposta que textualmente di o seguinte:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 23.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para cubrir en propiedade unha (1) praza denominada Vixilante, cota de reserva para persoas con capacidades diferentes, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal funcionario da Deputación de Lugo, acceso libre, mediante o sistema de concurso, incluída na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal -disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro). As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, no DOG núm. 216, do 14.11.2022 e no BOE núm. 279, do 21.11.2022.

A base xeral 12.2 sinala que *"as persoas aspirantes non propostas polo Tribunal para ocupar as prazas que se convocan, que alcancen ou superen a puntuación mínima de 15 puntos, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), así como para o establecido no base xeral 12.1 parágrafo 3."*

O Tribunal en sesión de data 12.05.2023 elabora a proposta da persoa aspirante que, sen ser seleccionada, alcanza ou supera a puntuación mínima fixada na base xeral 10 para superar o concurso (15 puntos), para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 12.05.2023.

Á vista de todo o sinalado, propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria resolva:

1ª.- Crear, ou no seu caso incorporar, á persoa aspirante proposta polo Tribunal que a continuación se relaciona, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de Vixilante, ao obxecto de atender as necesidades deste tipo de persoal cando existan razóns suficientemente xustificadas de necesidade e urxencia.

Nº Orde lista	Apelidos e nome	Cualificación final
1	Cuevas Mateo, José Urbano	32,600

2ª.- Que a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

	IV7PUMJ7MAJ2YSB4YAFT4XYGEI	Fecha y Hora	31/07/2023 12:05:53
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ7MAJ2YSB4YAFT4XYGEI	Página	1/2



3º.- A dita listaxe terá vixencia dende a data de aprobación da presente proposta, publicándose na páxina web e no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.


O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO
P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 01 AGO. 2023
ata a día 31 AGO. 2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA



	IV7PUMJ7MAJ2YSB4YAFT4XYGEI	Fecha y Hora	31/07/2023 12:05:53	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ7MAJ2YSB4YAFT4XYGEI	Página	2/2	